

# Antonio Fraguas

PROXECTO DIDÁCTICO  
7ª EDICIÓN 2010-2011

*Antonio Fraguas Fraguas*



Convoca

FUNDACIÓN  
*Antonio Fraguas Fraguas*

Organiza



Museo do Pobo Galego

Patrocina

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO

# Antonio Fraguas

PROXECTO DIDÁCTICO  
7ª EDICIÓN 2010-2011



## obxectivos

O labor docente e científico de don Antonio Fraguas, exercido durante décadas e a través de varias xeracións, constitúe unha referencia para a cultura galega. Seguindo na liña por el trazada, a Fundación que leva o seu nome pretende alentar entre a comunidade escolar un traballo sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento do medio e á valorización dos máis diversos elementos do noso acervo cultural.

Con este efecto, a Fundación Antonio Fraguas Fraguas convoca a sétima edición do proxecto didáctico encamiñado á realización dun programa de pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, xeográfico, histórico e artístico do contorno inmediato entre os centros escolares de Galicia.

## modalidades

Establécense dúas modalidades: ensino primario e ensino secundario. En cada unha delas elixírase un proxecto, que se ha desenvolver durante o seguinte ano lectivo.

O ámbito temático abranguerá un ou varios dos seguintes campos: etnografía, antropoloxía, xeografía, historia e arte. Procurárase que nas sucesivas convocatorias se vaian diversificando os temas obxecto de estudo.

## dotación

Institúese un premio de 7.000 euros para cada modalidade. O premio dedicarase integramente á realización do proxecto, que pode incluír a adquisición de material escolar ou equipamento destinado a el. A aplicación do premio deberá comprender a elaboración dos materiais que plasmen o traballo realizado, presentados no formato axeitado para a súa exposición.

O pagamento farase en dúas metades, un 50 por cento no momento da concesión e o 50 por cento restante á finalización do proxecto, cando se realice a exposición.

## xurado

O Xurado estará composto polo Presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, o Director do Museo do Pobo Galego e tres membros, designados pola Consellería de Cultura e Turismo, entre persoas de recoñecida competencia no ámbito das ciencias sociais. Actuará como Secretario, con voz e sen voto, o da Fundación.

## calendario

As candidaturas remitíranse á Fundación Antonio Fraguas Fraguas, San Domingos de Bonaval, 15703 Santiago de Compostela, ata o 30 de abril de 2010.

O Xurado emitirá o seu ditame o 28 de decembro, aniversario do nacemento de don Antonio Fraguas. A resolución farase pública a través dos medios de información e comunicárase directamente aos centros interesados, que serán convocados para lles facer entrega da primeira parte do premio no decurso dun acto público.

O traballo iniciárase co ano académico e deberá estar finalizado e presentado para a fin do curso 2009-2010. No outono organizarase a exposición dos seus resultados, quer no Museo do Pobo Galego, quer nunha institución axeitada dunha cidade ou vila de Galicia, que determinará a Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

## documentación

Para optar ao premio presentárase unha memoria descritiva do proxecto que se pretende realizar, facendo constar a súa natureza, ámbito, temporización, orzamento e con expresión do colectivo implicado na súa realización.

Considerarase mérito a participación da comunidade escolar no seu conxunto (profesores, alumnos e pais) e a implicación da poboación.

## desenvolvemento

O desenvolvemento dos traballos farase en coordinación co Museo do Pobo Galego, con vistas a materializar a exposición.

Unha vez rematado o traballo, os centros gañadores deberán entregar á Fundación Antonio Fraguas Fraguas unha memoria deste en soporte dixital, onde se inclúan desde as metodoloxías utilizadas para traballar, tanto desde o punto de vista pedagóxico como da propia investigación levada a cabo, ata as conclusións.

A Fundación resérvase o dereito de publicar os traballos premiados durante os dous anos posteriores á súa entrega. A partir dos dous anos, os traballos son da total propiedade dos centros que os desenvolveron, que terán a obriga de facer constar que estes foron premiados no Proxecto Didáctico Antonio Fraguas da Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

Ao respecto da exposición síntese do traballo de investigación desenvolvido polos centros gañadores de cada edición, en calquera lugar no que se monte, farase constar nos créditos que esta se deseñou con motivo do desenvolvemento do traballo premiado na edición correspondente do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas constará como patrocinadora dela.

## información

Museo do Pobo Galego  
San Domingos de Bonaval  
15703 Santiago de Compostela  
tel. 981 583620 – fax 981 554840  
correo e.: fundacionfraguas@museodopobo.com

## traballos premiados nas anteriores edicións

### 1ª CONVOCATORIA

- *O Mar*, Colexio Público de Ensino primario de Xuño
- *Obradoiro “Antonio Fraguas” de Cultura popular, Historia local e Medio ambiente*, Colexio Público Integrado “Alfonso VII” de Caldas de Reis

### 2ª CONVOCATORIA

- *Os Hórreos do Concello de Ribeira de Piquín*, CEIP Aníbal Otero de Ribeira de Piquín
- *Muíños de Auga no Concello de Foz*, IES de Foz

### 3ª CONVOCATORIA

- *A toponimia do Val Miñor*, CEP A Cruz de Camos
- *O Patrimonio das Pesqueiras do Miño*, IES Pedra da Auga de Pontearreas e IES Pazo da Mercé das Neves

### 4ª CONVOCATORIA

- *Educaldea*, CEP Antonio Brea Segade de Taragoña
- *O Patrimonio, un recurso endógeno ameazado e esquecido*, IES de Pontecaldelas

### 5ª CONVOCATORIA

- *As embarcacións tradicionais da comarca de Ferrol*, IES Concepción Arenal de Ferrol
- *As fábricas da luz de Rechinol, Portodís e Portochao como exemplo de descoñecemento do noso patrimonio cultural*, IES de Melide

### 6ª CONVOCATORIA

- *As adiviñas na fala viva*, CEIP A Cristina de Carballo
- *Ceibes no monte*, IES Terra de Turonio de Gondomar